

Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **MORAÑA**

##### **Subvencións e axudas**

*BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN  
ÁNIMO DE LUCRO ANO 2023*

### **BASES Y CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES Y ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO PARA BASES Y CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES Y ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO PARA EL AÑO 2023**

*BDNS(Identif.):697830*

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/697830>)

*BASES Y CONVOCATORIA PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES  
Y ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO PARA EL AÑO 2023*

#### *1ª OBJETO DE LA CONVOCATORIA*

La presente convocatoria tiene por objeto regular el procedimiento de concesión de subvenciones en régimen de libre concurrencia para fomentar las actividades que en el ámbito de la cultura, educación y deporte promuevan personas jurídicas, asociaciones y entidades sin ánimo de lucro, consideradas de interés social para el Ayuntamiento de Moraña.

#### *2ª BENEFICIARIOS*

Podrán solicitar las subvenciones reguladas en la presente convocatoria las personas jurídicas, asociaciones o entidades que cumplan los siguientes requisitos:

Tener su domicilio social en el Ayuntamiento de Moraña.

Desenvolver su actividad dentro del ámbito municipal.

Estar válidamente constituída y registrada en el Registro Municipal de Asociaciones.

Carecer de fin de lucro.

No tener pendiente de justificación ninguna subvención o ayuda económica en el Ayuntamiento de Moraña.



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

### *3ª PROGRAMAS SUBVENCIONABLES*

Se podrá solicitar subvención para las siguientes actividades:

Actividades de promoción y cooperación cultural, formativas o similares.

Actividades de promoción del deporte o realización de eventos deportivos.

Queda excluída de esta convocatoria la financiación de los gastos derivados de fiestas patronales, así como orquestas y grupos musicales.

### *4ª CUANTÍA Y LÍMITE DE LAS SUBVENCIONES*

El conjunto de las ayudas recibidas en ningún caso podrá superar el 100% del coste de la actividad que vaya a desarrollar el beneficiario.

Quedan excluídos como subvencionables los gastos en comidas, pinchos e invitaciones a participantes así como las excursiones lúdico-recreativas.

Las subvenciones, que serán financiadas con cargo a la aplicación presupuestaria 334.480, tendrán un límite máximo de 16.000,00 euros.

Las subvenciones son compatibles con otras subvenciones o ayudas para la misma finalidad procedentes de cualquier otra administración o de entes públicos o privados, nacionales, de la Unión Europea o de organismos internacionales.

### *5ª SOLICITUDES Y DOCUMENTACIÓN*

Para cada actividad deberá presentarse la siguiente documentación:

Instancia individualizada para cada actividad, firmada por el representante legal.

Certificado de la tesorería municipal conforme se encuentra al corriente de las obligaciones tributarias con hacienda del Ayuntamiento de Moraña.

Declaración del o de la representante legal de la entidad solicitante en la que consten las subvenciones y/o ayudas obtenidas o solicitadas para la misma finalidad y de que están al corriente en las obligaciones tributarias y con la Seguridad Social.

Memoria explicativa de las acciones que se pretenden realizar, con especificación de la fecha, lugar de celebración, objetivos, edición y estimación de beneficiarios.

Presupuesto de gastos e ingresos de la actividad que se solicita, detallando cada uno de los gastos en unidades y precios (adjuntar las facturas proforma que correspondan)

Memoria de actividades realizadas por la asociación en el año 2022.



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

### 6ª PLAZO DE PRESENTACIÓN

La instancia, junto con la restante documentación, se presentará electrónicamente en el Registro General del Ayuntamiento de Moraña, en el plazo de 30 días naturales contados desde el día siguiente al de la publicación del anuncio de las bases en el Boletín Oficial de la Provincia.

En el supuesto de que las solicitudes presentadas no reúnan los requisitos señalados, se requerirá a los interesados para que en el plazo de diez días enmienden las anomalías advertidas, procediéndose, en caso contrario, al archivo de la solicitud.

### 7ª CRITERIOS PARA LA CONCESIÓN

Los criterios de valoración serán los siguientes:

#### Ámbitos

- a.1 Actividades que se desarrollen dentro del ámbito municipal: 5 puntos
- a.2 Actividades que se desarrollen fuera del ámbito municipal: 3 puntos

#### Ediciones

- b.1 De 1 a 5 ediciones: 1 punto
- b.2 Más de 5 ediciones: 2 puntos

#### Interés general de la actividad

- c.1 Actividades promovidas por una asociación sólo para sus miembros: 1 punto
- c.2 Actividades promovidas por una asociación abiertas a toda la ciudadanía: 2 puntos

#### Beneficiarios

- d.1 De 0 a 50 beneficiarios: 1 punto
- d.2 De 51 a 100 beneficiarios: 2 puntos
- d.3 Más de 100 beneficiarios: 3 puntos

#### Actividades realizadas en el ejercicio anterior

- e.1 De 1 a 5 actividades: 1 punto
- e.2 Más de 5 actividades: 2 puntos

Uso de la lengua gallega en la realización y publicidad de la actividad : 2 puntos

### 8ª ESTUDIO Y CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

La tramitación del expediente de concesión de subvenciones será el siguiente:



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

1º Informe de la Comisión Informativa de Cultura, Educación y Turismo.

2º Resolución del Pleno.

### *9ª ACEPTACIÓN DE LA SUBVENCIÓN Y COMPROMISOS*

Los beneficiarios de las subvenciones, una vez que reciban el acuerdo de concesión, dispondrán de un plazo de 15 días para aceptar expresamente la subvención y comprometerse a destinarla a la actividad subvencionada.

En el supuesto de que alguna entidad acepte la subvención y después no realice la actividad, sin causa justificada, perderá el derecho a solicitar una subvención en el ejercicio siguiente.

### *10ª REFORMULACIÓN*

Los beneficiarios de una subvención, por razones justificadas, podrán solicitar la reformulación de la solicitud presentada cuando el importe de la subvención sea inferior al solicitado. El presupuesto de la reformulación nunca podrá ser inferior al 50% del presupuesto inicial presentado, y la subvención será reducida en proporción a la reformulación solicitada.

### *11ª PATROCINIO*

Las entidades beneficiarias de las subvenciones de la presente convocatoria quedan comprometidas a establecer de forma clara en los ejemplares de los programas, carteles, etc mención expresa del patrocinio del Ayuntamiento de Moraña, debiendo presentar la documentación que justifique dicho patrocinio.

En el supuesto que no justifiquen debidamente la publicidad del patrocinio, perderán el derecho a cobrar la subvención concedida.

La entidad beneficiaria notificará al Ayuntamiento de Moraña, como mínimo con un mes de antelación, las fechas, el horario y la duración de la actividad que se va a realizar, siempre que sea posible.

### *12ª JUSTIFICACIÓN Y COBRO*

Los beneficiarios de las subvenciones deberán justificar la realización de las actividades antes del día 30-11-2023, excepto aquellas que se lleven a cabo en el mes de diciembre, que dispondrán de plazo hasta el día 26-12-2023.

La documentación justificativa será la siguiente:

Memoria explicativa de la actividad realizada.

Certificado de la cuenta bancaria.



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

Declaración jurada que acredite que las facturas que se presentan como justificantes fueron aplicadas a la actividad subvencionada.

Facturas originais o fotocopia compulsada.

Declaración del o de la representante legal de que las subvenciones recibidas fueron destinadas a la actividad.

Certificaciones de estar al corriente en las obligaciones tributarias y con la Seguridade Social.

El pago de las subvenciones se hará una vez sean informadas por Intervención y aprobadas por el Pleno.

### *13ª REINTEGRO*

En caso de incumplimiento de la finalidad de la subvención o falsedad de los datos presentados en el expediente, el beneficiario procederá al reintegro de la cantidad recibida junto con sus correspondientes intereses.

Moraña, 24/05/2023

José Cela Camiño. Alcalde-Presidente

## **BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ASOCIATIONS E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2023**

*BDNS(Identif.):697830*

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/697830>)

### *BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIATIONS E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2023*

#### *1ª OBXECTO DA CONVOCATORIA*

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencions en réxime de libre concorrencia para fomentar as actividades que no eido da cultura, educación e deporte promovan persoas xurídicas, asociacións e entidades se ánimo de lucro, consideradas de interese social para o Concello de Moraña.

#### *2ª BENEFICIARIOS*

Poderán solicitar as subvencions reguladas na presente convocatoria as persoas xurídicas, asociacións ou entidades que cumpran os seguintes requisitos:



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

Ter o seu domicilio social no Concello de Moraña.

Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal.

Estar validamente constituída e rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións.

Carecer de fins de lucro.

Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda económica no Concello de Moraña.

### *3ª PROGRAMAS SUBVENCIONABLES*

Poderanse solicitar subvencións para as seguintes actividades:

Actividades de promoción e cooperación cultural, formativas ou similares.

Actividades de promoción do deporte ou realización de eventos deportivos.

Queda excluída desta convocatoria a financiación dos gastos derivados de festas patronais, así como orquestras e grupos musicais.

### *4ª CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCIONES*

O conxunto das axudas recibidas, en ningún caso poderá superar o 100% do custo da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

Quedan excluídos como subvencionables os gastos en comidas, pinchos e invitacións a participantes así como as excursións lúdico-recreativas.

As subvencións, que serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 334.480, terán un límite máximo de 16.000,00 euros.

As subvencións son compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

### *5ª SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN*

Para cada actividade deberá presentarse a seguinte documentación:

Instancia individualizada para cada actividade, asinada polo representante legal.

Certificado da tesourería municipal conforme se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda do Concello de Moraña.

Declaración do ou da representante legal da entidade solicitante na que consten as subvencións e ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade e de que están ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

Memoria explicativa das accións que se pretenden realizar, con especificación da data, lugar de celebración, obxectivos, edición e estimación de beneficiarios.

Orzamento de gastos e ingresos da actividade que se solicita, detallando cada un dos gastos en unidades e prezos (adxuntar as facturas proforma que correspondan)

Memoria de actividades realizadas pola asociación no ano 2022.

### *6ª PRAZO DE PRESENTACIÓN*

A instancia xunto coa restante documentación presentárase electronicamente no Rexistro Xeral do Concello de Moraña, no prazo de 30 días naturais contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio das bases no Boletín Oficial da Provincia.

No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados, requirírase aos interesados para que no prazo de dez días enmenden as anomalías advertidas, procedéndose, en caso contrario, ao arquivo da solicitude.

### *7ª CRITERIOS PARA A CONCESIÓN*

Os criterios de valoración serán os seguintes:

#### *Ámbitos*

- a.1 Actividades que se desenvolvan dentro do ámbito municipal: 5 puntos
- a.2 Actividades que se desenvolvan fóra do ámbito municipal: 3 puntos

#### *Edicións*

- b.1 De 1 a 5 edicións: 1 punto
- b.2 Máis de 5 edicións: 2 puntos

#### *Interese xeral da actividade*

- c.1 Actividades promovidas por unha asociación só para os seus membros: 1 punto
- c.2 Actividades promovidas por unha asociación abertas a toda a cidadanía: 2 puntos

#### *Beneficiarios*

- d.1 De 0 a 50 beneficiarios: 1 punto
- d.2 De 51 a 100 beneficiarios: 2 puntos
- d.3 Máis de 100 beneficiarios: 3 puntos

#### *Actividades realizadas no exercicio anterior*

- e.1 De 1 a 5 actividades: 1 punto



Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

e.2 Máis de 5 actividades: 2 puntos

Emprego da lingua galega na realización e publicidade da actividade : 2 puntos

### *8ª ESTUDO E CONCESIÓN DE SUBVENCIONES*

A tramitación do expediente de concesión de subvencións será o seguinte:

1º Informe da Comisión Informativa de Cultura, Educación e Turismo.

2º Resolución do Pleno.

### *9ª ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS*

Os beneficiarios das subvencións, unha vez que reciban o acordo de concesión, disporán dun prazo de 15 días para aceptar expresamente a subvención e comprometerse a destinala á actividade subvencionada.

No suposto de que algunha entidade acepte a subvención e logo non realice a actividade, sen causa xustificada, perderá o dereito a solicitar unha subvención no exercicio seguinte.

### *10ª REFORMULACIÓN*

Os beneficiarios dunha subvención, por razón xustificadas, poderán solicitar a reformulación da solicitude presentada cando o importe da subvención sexa inferior ao solicitado. O orzamento da reformulación nunca poderá ser inferior ao 50% do orzamento inicial presentado, e seralle reducida a subvención en proporción á reformulación solicitada.

### *11ª PATROCINIO*

As entidades beneficiarias das subvencións da presente convocatoria quedan comprometidas a establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis, etc mención expresa do patrocinio do Concello de Moraña, para o cal deberán presentar a documentación que xustifique o dito patrocinio.

No suposto que non xustifiquen debidamente a publicidade do patrocinio, perderán o dereito a cobrar a subvención concedida.

A entidade beneficiaria notificará ao Concello de Moraña, ao menos cun mes de antelación, as datas, o horario e a duración da actividade que se vai a realizar, sempre que sexa posible.

### *12ª XUSTIFICACIÓN E COBRO*

Os beneficiarios das subvencións deberán xustificar a realización das actividades antes do día 30-11-2023, excepto aquelas que se desenvolvan no mes de decembro, que disporán de prazo ata o día 26-12-2023.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:18XKH7GP7YPPFO6





Venres, 26 de maio de 2023

Núm. 100

A documentación xustificativa será a seguinte:

Memoria explicativa da actividade realizada.

Certificado da conta bancaria.

Declaración xurada que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.

Facturas orixinais ou fotocopia compulsada.

Declaración do ou da representante legal de que as subvencións recibidas foron destinadas á actividade.

Certificacións de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

O pagamento das subvencións farase unha vez sexan informadas pola Intervención e aprobadas polo Pleno.

### *13ª REINTEGRO*

No caso de incumprimento da finalidade da subvención ou falsidade dos datos presentados no expediente, o beneficiario procederá ao reintegro das cantidades recibidas xunto cos seus correspondentes xuros.

Moraña, 24/05/2023

José Cela Camiño. Alcalde-Presidente

